



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ASISTENCIA PLENO 231130:

Presidente:

Don José Muíño Domínguez

Concelleiros:

Don Carlos Allo Cundíns
Dona Sheila Recarey Varela
Dona Begoña Torrado Lema
Dona Sandra Méndez Blanco
Dona Sonia Sande Lista
Don Borja Andrade Montes
Dona Sandra Redondo Fernández
Dona Tatiana Rellán Castro
Don Marcos Lois Costa
Dona Alba Villar López

Ausencias:

Don Marcos Lois Costa

Secretaría:

Dona María Garrote López

Intervención:

Dona Patricia Chas Filgueiras

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO TRINTA DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES(231130)

No Concello de Cabana de Bergantiños, o trinta de novembro de dous mil vinte e tres, ás vinte horas e catro minutos, reuníronse no salón de sesións habilitado para o efecto, baixo a presidencia do señor alcalde don José Muíño Domínguez, coa asistencia da secretaria e dos señores concelleiros relacionados ao marxe; co obxecto de desenvolver a sesión **ordinaria** do Pleno, en base a Orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados.

Dona Tatiana Rellán Castro indica que o concelleiro don Marcos Lois Costa se encontra ausente por motivos laborais e que probablemente a esta situación se estenderá ata primavera.

O alcalde escusa a ausencia dos relacionados á marxe.

A señora secretaria verifica que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución.

Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasouse a tratar os asuntos comprendidos na Orde do día.

Primeiro.- Aprobación da acta de 28 de setembro de 2023.

Dona Tatiana Rellán Castro fai as seguintes observacións:

- Que as siglas do BNG estean xunto a todos os nomes que so están xunto a un.
- Non se indica que o alcalde, José Muíño Domínguez, está ausente
- Figura mal o seu apelido, pois non é "Fondo" senón "Castro".

O alcalde somete a votación a acta coas observacións indicadas.

Os concelleiros do Grupo Popular votan a favor.

Dona Tatiana Rellán Castro sinala que o voto do seu grupo vai ser en contra ata que se corrixan os erros detectados.

Sometida a acta a consideración do pleno, este a aproba por sete votos a favor (don José Muíño Domínguez, don Carlos Allo Cundíns, dona Sheila Recarey Varela, dona Begoña Torrado Lema, dona Sandra Méndez Blanco, dona Sonia Sande Lista e don Borja Andrade Montes) e tres en contra (dona Tatiana Rellán Castro, dona Sandra Redondo Fernández, e dona Alba Villar López)

Segundo.- Modificación ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo integral da auga

Consta ditame favorable da Comisión informativa.

O alcalde le o seguinte documento:

PROPOSTA DE ALCALDÍA: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO INTEGRAL DA AUGA.

Vista a solicitude presentada pola concesionaria da xestión integral do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento, Hidrantia Gestión Integral del Auga,



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

S.L., pola que interesa a revisión das tarifas previstas na Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga potable, pola acometida á rede xeral de abastecemento e á rede xeral de saneamento e pola prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais, incrementándoseas na porcentaxe de 2,98 %, en cumprimento do disposto no prego de cláusulas administrativas que integran dito contrato de concesión.

Polo anterior, e facendo uso do exercicio da potestade regulamentaria do Concello en materia tributaria que lle atribúe aos concellos o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e vistos os informes que constan no expediente, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola subministración de auga potable, pola acometida á rede xeral de abastecemento e á rede xeral de saneamento e pola prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais do Concello de Cabana de Bergantiños, co seguinte teor literal:

“Artigo 1.- Fundamento e réxime.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases do réxime local e de conformidade co disposto no artigo 20, apartados 1, 4.r) e 4.t), e o artigo 57 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), este concello establece a taxa pola subministración de auga potable, pola acometida á rede xeral de abastecemento e á rede xeral de saneamento, así como pola prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais, que se rexirán pola presente ordenanza, redactada conforme ó disposto nos artigos 20 a 27 do TRLRFL.

Artigo 2.-Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa:

a) A prestación do servizo de subministración de auga potable que está reservado pola lei en favor das entidades locais e considérase imprescindible para a vida privada dos usuarios do mesmo.

b) A realización das acometidas á rede xeral municipal de abastecemento ou á rede xeral de saneamento, así como a conservación de acometidas e contadores.

c) A prestación do servizo de evacuación de excretos, augas negras, residuais e pluviais mediante a utilización da rede de saneamento municipal, e a conseguinte depuración das devanditas augas pola depuradora de augas residuais. O servizo de evacuación de excretos, augas negras, residuais e pluviais e o servizo de depuración das mesmas na depuradora serán de recepción obrigatoria para todas as fincas do municipio que teñan a súa fachada á rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiro, sempre que a distancia entre a finca e a rede non exceda de 50 metros, devengándose a taxa aínda que o interesado non proceda á efectuar a acometida a rede.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados polos servizos a que se refire esta ordenanza.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Terán consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais ás que se provea do servizo, as cales poderán repercutir, no seu caso, as costas sobre os respectivos beneficiados.

Artigo 4.- Responsables.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios das obrigas tributarias as persoas ou entidades nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da lei xeral tributaria.

Artigo 5.- Base imponible e base liquidable.

A base imponible virá determinada:

a) *Nas acometidas á rede xeral de abastecemento e saneamento: o feito da conexión á rede por cada vivenda, local ou industria, en función do diámetro de tubería e tipo de terreo.*

b) *No subministro ou distribución de augas: os m3 de auga consumida no inmovible onde estea instalado o servizo.*

c) *Na utilización de contadores e acometidas: o custo do mantemento do contador e das acometidas.*

d) *No servizo de depuración de augas residuais: os m3 de auga consumida, excepto os aboados sen servizo municipal de abastecemento, que pagarán unha cota fixa.*

Artigo 6.- Cota tributaria:

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a establecida nas seguintes tarifas:

| 1.- Subministro de auga | |
|--|----------------|
| 1.1.- Uso doméstico, agrícola e comercial | |
| Cota fixa servizo | 5,41€/abon/mes |
| Consumo | |
| Ata 15 m3 | 0,1199€/m3/mes |
| De 15 m3 a 30 m3 | 0,5998€/m3/mes |
| Máis de 30 m3 | 0,7796€/m3/mes |
| 1.2.- Uso industrial | |
| Cota fixa servizo | 7,19€/abon/mes |
| Consumo | |
| Ata 15 m3 | 0,1799€/m3/mes |
| De 15 m3 a 30 m3 | 0,6597€/m3/mes |
| Máis de 30 m3 | 0,8997€/m3/mes |
| 1.3.- Uso auga de obra | |
| Cota fixa servizo | 7,38€/abon/mes |
| Consumo | |
| Ata 15 m3 | 0,1799€/m3/mes |
| De 15 m3 a 30 m3 | 0,6597€/m3/mes |



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

| | |
|--|-----------------|
| Máis de 30 m3 | 0,8997€/m3/mes |
| 2.- Conservación de acometidas e contadores | |
| Conservación de acometidas | 0,36€/mes/abon |
| Conservación contadores uso doméstico $\phi < 20\text{mm}$ | 0,36€/mes/abon |
| Conservación contadores uso industrial $\phi > 20\text{mm}$ | 1,22 €/mes/abon |
| 3.-Servizo de alcantarillado | |
| Vivendas | 2,40 €/mes/abon |
| Comerciais | 2,40€/mes/abon |
| Industriais | 4,80€/mes/abon |
| 4.- Servizo depuración de augas residuais | |
| Abonados con servizo mpal de abastecemento (mesmos m3 facturados en abastecemento) | 0,2999 €/m3 |
| Abonados sen servizo mpal de abastecemento | 5,41€/mes/abon |
| Abonados sen servizo mpal de abastecemento e con vertedura de gran caudal (para m3 vertidos ou aforados) | 0,4799€/m3 |
| 5.- Dereitos de acometida á rede municipal: pagamento inicial para formalización de acometida, tanto para abastecemento como saneamento. Aplicarase tamén ás acometidas existentes que non estean dadas de alta á concesión do servizo. | 149,94 € |
| 6.- Acometida auga potable: excavación, traslado de sobrantes, collarín de enganche, enlaces, tubería de polietileno PE ata 5m, válvula de corte de esfera de cuadrado, arqueta 15x25 cm con marco de fundición, reposición e accesorios necesarios | |
| Gabia en terra con diámetro de tubería $\frac{3}{4}$ " | 195,52 € |
| Gabia en terra con diámetro de tubería 1" | 213,52 € |
| Gabia en terra con diámetro de tubería $1\frac{1}{4}$ "- $1\frac{1}{2}$ " | 283,10 € |
| Gabia en terra con diámetro de tubería 2" | 337,08 € |
| Gabia en asfalto con diámetro de tubería $\frac{3}{4}$ " | 256,71 € |
| Gabia en asfalto con diámetro de tubería 1" | 275,90 € |
| Gabia en asfalto con diámetro de tubería $1\frac{1}{4}$ "- $1\frac{1}{2}$ " | 345,48 € |
| Gabia en asfalto con diámetro de tubería 2" | 398,25 € |
| Gabia en baldosa-acera con diámetro de tubería $\frac{3}{4}$ " | 310,69 € |
| Gabia en baldosa-acera con diámetro de tubería 1" | 328,68 € |
| Gabia en baldosa-acera con diámetro de tubería $1\frac{1}{4}$ "- $1\frac{1}{2}$ " | 398,25 € |
| Gabia en baldosa-acera con diámetro de tubería 2" | 451,03€ |



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

| | |
|---|-----------------|
| 7.- Acometida saneamento: <i>excavación, traslado de sobrantes, conexión á rede existente, arqueta de rexistro 40x40 cm con marco de fundición, canalización de PVC ata 5m e profundidade máx de 1,5m, reposición e accesorios necesarios.</i> | |
| <i>Gabia en terra con diámetro de tubería 160-200</i> | <i>434,24 €</i> |
| <i>Gabia en asfalto con diámetro de tubería 160-200</i> | <i>490,62 €</i> |
| <i>Gabia en baldosa-asfalto con diámetro de tubería 160-200</i> | <i>538,60 €</i> |
| 8.- Formalización da póliza de alta no servizo, tanto para abastecemento como saneamento, ou desprecintado, do contador para o restablecemento do servizo | <i>89,97 €</i> |

As tarifas veranse incrementadas, no seu caso, co correspondente IVE.

Artigo 7.-Devengo.

- 1.- O tributo considerarase devengado dende que naza a obriga de contribuír a teor do establecido no artigo 2.
- 2.- No caso da cota tributaria pola subministración, devéngase o primeiro día de cada trimestre natural. Nos casos de alta computarase o trimestre natural completo no que aquela se producira.
- 3.- No caso de acometida á rede xeral de abastecemento ou saneamento, devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento no que se autoriza polo órgano competente a execución da acometida correspondente á solicitude de licenza de enganche formulada polo suxeito pasivo, ou dende que teña lugar a acometida efectiva se se levase a cabo sen autorización.

Artigo 8.-Exencións e bonificacións.

De conformidade co disposto no artigo 9.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, non se recoñece beneficio tributario algún, salvo os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

Artigo 9.-Normas de xestión.

- 1.- As liquidacións pola subministración de auga potable serán aprobadas rematado cada trimestre natural polo órgano competente do Concello, unha vez confeccionados os correspondentes padróns polo concesionario do servizo, tendo en conta as lecturas de contadores do devandito período. O cobro dos recibos realizarase nas oficinas do servizo ou ben mediante xestión bancaria.
- 2.- A liquidación da cota tributaria pola acometida á rede xeral de abastecemento e de saneamento, será aprobada polo órgano competente do Concello simultaneamente ó outorgamento da licenza de enganche e baseándose no presuposto presentado pola empresa concesionaria do servizo. A recadación levarase a cabo polo concesionario do servizo, unha vez realizada a notificación ó suxeito pasivo segundo o disposto no art. 102.2 da Lei xeral tributaria. O prazo para o ingreso no período voluntario será o previsto no art. 62.2, 62.3 e 62.4 da Lei xeral tributaria.
- 3.- As liquidacións pola prestación dos servizos de rede de saneamento e depuración de augas residuais serán aprobadas polo órgano competente do



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Concello, unha vez confeccionados os correspondentes padróns polo concesionario do servizo, tendo en conta as lecturas de contadores do devandito período. O cobro dos recibos realizarase nas oficinas do servizo ou ben mediante xestión bancaria.

4.- Dada a unidade de xestión e mantemento do servizo integral da auga, rede de saneamento e depuración, poderase expedir un recibo único que incorpore a facturación trimestral das correspondentes taxas.

Os usuarios do servizo de depuración que non o sexan do servizo de abastecemento da auga pagarán a cota establecida no artigo 6.4 desta ordenanza, para o citado servizo.

5.- No caso de paralización ou avaría dun contador, que as súas indicacións non poidan servir de base para unha liquidación correcta, liquidarase o consumo con arranxo ó que se producira en igual período no ano anterior. De non existir este dato, tomarase a media aritmética dos dous trimestres inmediatamente anteriores.

Artigo 10. Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así coma das sancións que ós mesmos correspondan en cada caso, estarase ó disposto no artigo 183 e seguintes da lei xeral tributaria.

Disposición Final.

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da corporación na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2023 e entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

SEGUNDO.- Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, por un prazo de 30 días, como mínimo, para que poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

TERCEIRO.- No suposto de que non se presenten reclamacións contra ao mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL.

CUARTO.- O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo e o texto íntegro da ordenanza fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor en tanto non teña lugar dita publicación.

O ALCALDE.ASDO. JOSÉ MUIÑO DOMÍNGUEZDOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

A continuación prodúcese o debate:

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta que cal é o déficit do servizo de auga anualmente.

O alcalde contesta que estes datos mellor os pregunte en comisión informativa, que son datos que hai que buscar.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, sinala: Simplemente decídeme se é deficitario ou non é deficitario.

O alcalde contesta que non o sabe e lle pregunta á Interventora que se remite o seu informe.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: O concello ten deseñada a rede de subministración de auga para todo o territorio ou se se vai facendo segundo vai chegando o financiamento?

O alcalde contesta: Normalmente vamos atendendo as peticións da xente, a demanda, os problemas e vaise facendo segundo a financiación.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, indica que non entende que haxa un proxecto xa feito, un plan.



O alcalde contesta: En principio houbo unha reunión con Augas de Galicia . En tódolos lados o que se está facendo é contabilizar as fugas para garantir o abastecemento do servizo existente.

O alcalde fala da seca e indica que se fixo un plan para instalar contadores e ver que perdas hai.

o alcalde di: O segundo punto é se con unha gran seca o concello pode ter problemas de abastecemento. De aí naceu a captación do Anllóns, para garantir de algunha maneira que o concello non tivera problemas tras unha seca prolongada.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Entendo que esa captación sirve só para Nantón?

O alcalde contesta: Non, non, é para Cabana. É o punto alto.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, sinala: Entendo que esta captación leva un mantemento que vai ter un custo. Gustaríame saber se se ten en conta o mantemento, o custo que vai ter o mantemento, as bombas que é o que vai repercutir nas facturas dos veciños.

A concelleira indica que o ser unha obra grande o custo será grande.

O alcalde contesta: Primeiro, o punto é unha actualización sobre unha subida do IPC .

O alcalde indica que estanse falando de cousas diferentes que van na quenda de rogos e preguntas.

O alcalde di. As empresas teñen dereito a actualización do IPC. Non é unha subida de impostos , é unha actualización. É por lei. Incluso se ven na prensa datos erróneos

O alcalde sinala que o de o albergue é o mesmo, que se trata dunha actualización da tarifa porque está no contrato.

O alcalde sinala que hai que centrarse no punto.

o alcalde contesta: Agora o que ti me preguntas é unha pregunta tremendamente complexa. Ata que estea o proxecto non o sabemos.

O alcalde comenta que poderían usarse enerxías renovables na impulsión da auga que reducirían costes.

A concelleira sinala que eso xa tería que estar no proxecto.

O alcalde contesta: os proxectos teñen fases. Primeiro teremos que executar o proxecto. Cando estea, calcularemos costes.

Sinala que existen fondos europeos que poden minorar os custes.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, si: Abstémonos porque cremos noutro modelo de xestión da auga.

Sometida a proposta a consideración do pleno, este a aproba por sete votos a favor (don José Muiño Domínguez, don Carlos Allo Cundíns, dona Sheila Recarey Varela, dona Begoña Torrado Lema, dona Sandra Méndez Blanco, dona Sonia Sande Lista e don Borja Andrade Montes) e tres abstencións (dona Tatiana Rellán Castro, dona Sandra Redondo Fernández, e dona Alba Villar López)

Terceiro.- Modificación da ordenanza reguladora da prestación patrimonial para a utilización do albergue municipal

Consta Ditame favorable da Comisión informativa.

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL POLA UTILIZACIÓN DO ALBERGUE.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a solicitude de revisión do réxime tarifario previsto na Ordenanza Municipal reguladora da prestación patrimonial para a utilización do albergue municipal (BOP nº 163 de 30/09/2020) presentada pola empresa concesionaria da xestión do albergue municipal.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Considerando que se trata da revisión das tarifas previstas no contrato formalizado en data 2/7/2020, e que a presente modificación non supón impacto significativo na actividade económica e se regulan aspectos parciais dunha materia, considérase axeitado prescindir do trámite de consulta pública.

Visto o informe conxunto emitido pola secretaria e interventora municipais.

De conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, proponse ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. Modificar inicialmente a Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario para a utilización do albergue municipal ca redacción que a continuación se recolle:

«ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL PÚBLICA NON TRIBUTARIA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO ALBERGUE MUNICIPAL.

Artigo 1. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 31.3 e 142 da Constitución Española, e de conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL-, este Concello establece prestación patrimonial pública non tributaria derivada da prestación do servizo de albergue, que se rexerá por medio de Ordenanza.

Artigo 2. Obxecto

O obxecto da prestación patrimonial pública non tributaria está constituído pola prestación do servizo de albergue, previsto no artigo 20.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais – TRLRFL.

Artigo 3. Obrigados ao pago

Están obrigados ao pago as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria - LXT-, que utilicen o servizo.

Artigo 4. Obriga de contribuír

Nace a obrigación de contribuír cando se inicia a prestación do servizo.

Artigo 5. Tarifa

A cantidade para liquidar e esixir pola tarifa será a seguinte:

- Pernocta por persoa e día menor de 30 anos: 9,68 €/noite.
- Pernocta por persoa e día maior de 30 anos, 13,98 €/noite.
- Almorzo buffet, 4 30 €/persoa.
- Servizo de lavandería comunitario, 1,08 €/uso.

Establécense as seguintes bonificacións:

- Bonificación do 10% na tarifa de pernocta a todos os grupos de máis de dez persoas.
- Bonificación do 10% na tarifa de pernocta aos grupos escolares de máis de dez alumnos.
- Bonificación do 10% na tarifa de pernocta para os asistentes aos programas realizados polo albergue.

Estas tarifas se entenden co IVE incluído do 10%.

Artigo 6. Xestión e liquidación



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, o servizo público non se preste ou desenvolva non procederá satisfacer a tarifa e, no seu caso, procederá a devolución do importe pagado.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor, unha vez publicada a súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia (e transcorre o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local - LRBRL- (art. 70), permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO. Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

O AlcaldeAsdo. José Muiño Domínguez.Documento asinado dixitalmente

A continuación prodúcese o debate:

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: A empresa que xestiona o albergue non paga nada para polo uso do albergue, non?

O alcalde contesta: Non, se comprometeu a facer inversións. Gratis non é.

Por que se fixo isto? Parecíamos que o mellor había moitas empresas interesadas.

O alcalde explica que se cadra pasaba que viñan un ano e logo íanse. Sinala que por iso se decidiu non cobrar polo uso e esixir unha inversión.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Por comentarios que nos chegaron dos veciños, se o albergue paga algún tipo de canon polo uso doutras instalacións do concello.

O alcalde contesta: Non, facemos colaboracións, non. Normalmente veñen grupos de fora e facemos colaboracións.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: Incluso para as instalacións do CPI?

O alcalde contesta que cre que sí, que son decisións do director.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta : Entendo que o director falaría coa Consellería?

O alcalde indica que o supón.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Cantas prazas ten o albergue?

O alcalde contesta: En torno a 50

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: E empregados, cantos ten?

O alcalde contesta que non sabe. Sinala :Este ano pasaron sobre 3.000 persoas.

Sometida a proposta a consideración do pleno, este a aproba por sete votos a favor (don José Muiño Domínguez, don Carlos Allo Cundíns, dona Sheila Recarey Varela, dona Begoña Torrado Lema, dona Sandra Méndez Blanco, dona Sonia Sande Lista e don Borja Andrade Montes) e tres abstencións (dona Tatiana Rellán Castro, dona Sandra Redondo Fernández, e dona Alba Villar López)

Cuarto.- Mesa de contratación permanente do concello de Cabana de Bergantiños como órgano de apoio ó órgano de contratación de Pleno.

Consta ditame favorable da Comisión informativa.

O alcalde le a proposta:



PROPOSTA

Mesa de Contratación permanente do Concello de Cabana de Bergantiños como órgano de apoio ao órgano de contratación de Pleno.

Visto que a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, contempla a posibilidade de creación de Mesas de Contratación permanentes.

O artigo 326 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, determina que, salvo no caso en que a competente para contratar corresponda a unha Xunta de Contratación, nos procedementos abertos, abertos simplificado, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación, os órganos de contratación das Administracións Públicas estarán asistidos por unha mesa de contratación para o exercicio das funcións previstas na citada Lei e no seu desenvolvemento regulamentario.

Nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncios de licitación e nos procedementos tramitados conforme ao disposto no artigo 159.6 da citada Lei, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación.

O apartado 4 do citado artigo 326, dispón que os membros da Mesa serán nomeados polo órgano de contratación.

A composición das mesas de contratación, no ámbito das Administracións Locais, ven regulada na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, podendo constituírse Mesas de Contratación con carácter permanente e debendo publicarse a súa composición no perfil do contratante do órgano de contratación correspondente.

A disposición adicional segunda, dispón que a Mesa de Contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte da mesma, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a funcións de control económico-orzamentario, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

Vistas as competencias de Pleno en materia de contratación se considera necesario igualmente constituir o seu correspondente órgano de apoio naqueles supostos en que o Pleno (ou a Xunta de Goberno por delegación) actúe como órgano de contratación.

En virtude do exposto e correspondendo o Pleno, a competencia para a designación da composición da Mesa de Contratación Permanente nos expedientes nos que este (ou a Xunta de Goberno) sexa órgano de contratación , RESOLVO:

Primeiro.- Constituir a Mesa de Contratación permanente do Concello de Cabana de Bergantiños, como órgano de apoio ao órgano de contratación de Pleno (ou Xunta de Goberno por delegación), para os procedementos de licitación, nos procedementos abertos, abertos simplificado, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación, con expresión do nome, cargo ou debido a que desempeñan, así como o réxime de suplencia, para as funcións previstas na citada Lei e no seu desenvolvemento regulamentario, así como nas demais normas complementarias, concordantes e específicas sobre a materia

Segundo.-Designar como membros da Mesa de Contratación Permanente, como órgano de apoio ao órgano de contratación de Pleno, ás seguintes persoas

Presidente: alcalde: José Muiño Domínguez . Suplente: concelleiro: Carlos Allo Cundíns

Vogais:

Vogal 1. Interventora do concello : Dona Patricia Chas Filgueiras. Suplente: a persoa



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

que ocupe a intervención accidental: María Yolanda Imia Antelo.

Vogal 2: Secretaria do concello: dona María Garrote López. Suplente: Secretaria accidental: funcionaria, María Cristina Candal Rey.

Vogal 3: AEDL, personal laboral: Silvana Facal Martínez. Suplente: técnico informático municipal. personal laboral: Javier Lozano García.

Secretario: funcionaria : María Cristina Candal Rey. Suplente : Ana Belén Santos Ferreira, funcionaria interina

Todos os membros da Mesa de Contratación terán voz e voto, excepto o Secretario, que actuará con voz pero sen voto.

Terceiro.–O presente acordo surtirá efectos desde o día seguinte o da súa adopción para aqueles procedementos de contratación nos que aínda non estivera designada Mesa de contratación ad hoc, sen prexuízo da súa publicación no Perfil del Contratante do Sector Público e no BOP da Coruña.

Cuarto–Trasladar aos interesados.

Quinto.-Dar conta do presente acordo á Xunta de Goberno Local

En Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica. O alcalde, José Muiño Domínguez.

Sometida a proposta a consideración do pleno, este a aproba por sete votos a favor (don José Muiño Domínguez, don Carlos Allo Cundíns, dona Sheila Recarey Varela, dona Begoña Torrado Lema, dona Sandra Méndez Blanco, dona Sonia Sande Lista e don Borja Andrade Montes) e tres abstencións (dona Tatiana Rellán Castro, dona Sandra Redondo Fernández, e dona Alba Villar López)

Quinto.- Dación de conta do acordo da Xunta de Goberno Local de 9 de novembro de 2023 de aprobación da addenda ó convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Cabana de Bergantiños para acometer e incorporar ó patrimonio público municipal a actuación “Abastecemento a Nantón e Anos”.

O alcalde le un resumo do acordo da Xunta de Goberno local.

Explica a nova redistribución das anualidades e que os cambios son cláusulas tipo polo tipo de fondos.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Son fondos Next?

O alcalde contesta: Non ,son fondos FEADER

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, intervén: Vámonos situar un pouquiño. Este convenio firmouse xusto antes das eleccións, non? O abastecemento Anos Nantón que finalizaría no 2025. Uns meses despois, en novembro, basicamente, temos unha modificación do convenio onde o final se termina no 2026. Xa tardamos un ano mais e en vez de poñer os cartos a Xunta, búscalos nunha subvención que xa veremos como vai o conto .E nos recorta basicamente o 72% do financiamento que nos ía a transmitir.

O alcalde contesta: Cando se firmou en ningún momento se falara do tipo de financiación. En principio non sei de onde veñen os fondos. Outra cousa é que agora a Xunta establece novos trámites.

Hai que acordase tamén, neste caso, que a documentación do terreo retrasouse. Resulta que cando fomos a notaría a documentación estaba a nome de “herdeiros de”. Entón a familia tivo que facer unha documentación nova e tardouse en ir ó notario. Isto deu lugar a un retraso para iniciar as obras e mandar a documentación correctamente á Xunta.

Nós tamén temos parte de culpa porque a documentación da xente moitas veces está mal.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Inda que o preacordo de aceptación estaba asinado, despois ten que estar a documentación na notaría perfectamente, pero a documentación estaba mal. Entón parte do retraso foi que a documentación non estaba correcta.

Houbo que esperar ata estar correcta e ir a notaría e mandala.

Eso é un retraso que non é nin imputable ó concello, non é culpa nosa tampouco.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, lee o punto quinto do convenio Indica : Eu entendía que Augas de Galicia dispoñía dos cartos para financiar o proxecto. Agora parece que xa non os ten e que recorre a subvencións e ademais atrásanos un ano mais. Hai que entender que esto xa se empezou no 2010, despois paralizaouse porque a empresa foi á quebra.

No 2019 falouse con Augas de Galicia que supostamente ían retomar. E agora no 2023 outra vez e veremos ou non. Neste proxecto no 2026 , por que xa, o dudo.

Basicamente non sei se viu os orzamentos da Xunta. Cando a Xunta nos dicía que nos ía dar mais de un millón de euros para este convenio, resulta que nos seus orzamentos que saíron en outubro, de Augas de Galicia para o concello de Cabana non hai 500.000.Xa nos puxeron un recorte aí a Xunta de Galicia.

Xa non ía a cubrir o do 2024.

Despois resulta que hai una addenda onde se volve a modificar. A Xunta volve a recortar outra vez mais.

A min esto me fai pensar que a Xunta non tiña os cartos ou que ese convenio era unha mentira ao estar asinado, basicamente polos continuos recortes que veñen neste proxecto.

A concelleira sinala que se ata o 2026 non se acaba, cree que antes vai chegar a seca que o abastecemento Anos Nantón.

O alcalde contesta: Que importa de onde ven o financiamento. Non o entendo. Eso fan todas as administracións, reaxustes de orzamentos.

A concelleira sinala que quere saber se se vai facer ou non.

O alcalde contesta: Unha vez que a administración firma o documento vai a misa. Que problema hai?

A ti que te importa de onde veña o diñeiro? É un reaxuste. Os reaxustes financeiros fanos todas as administracións. Inda os fago eu.

Eu teño a idea e facer unha obra e sae unha subvención. Quito os fondos propios e meto os da subvención

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Dis que o convenio vai a misa pero agora xa está modificado. E ademais pódese modificar varias veces.

Na comisión informativa tamén dixo que foi un retraso

O alcalde contesta: Pero xa che digo cal foi o motivo. Foi cosa nosa. A documentación da familia estaba mal, estaba a nome de herdeiros e tardou un montón. Xa non entro en mais detalles porque é un tema de familia e tal...pero retrasouse.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: Non quero entrar en mais detalles pero si quero comentar que na Comisión informativa María dixo, a secretaria, que realmente non era culpa nosa, que cando se falaba de que había que comprar eses terreos ou...como se chama, agora non me sae o nome, o que di a lei, que xa estaba previsto ese retraso para poder empezala. Comentouno María na comisión informativa, non me estou inventando nada.

O alcalde di que non entende de que fala.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, interrompe. No día da comisión informativa comentaches que a culpa era do concello polo retraso na documentación .e María dixo vou neste caso defender a municipalidade, dicindo que no convenio xa tiña en conta que isto podía ser así.



O alcalde contesta: A ver, no convenio o que contemple, eso é outra cousa. Unha cousa é o mutuo acordo de chegar a un acordo cos veciños e senón hai ese acordo vaise por vía expropiatoria. Pero a vía expropiatoria ten os seus prazos que son bastante mais largos que estes, eh.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: Non estou dicindo eso, estou dicindo que no convenio xa tiñan en conta que podía pasar eso. Entón entendo que o convenio reformúlase non porque nós tardásemos senón porque houbo que buscar unha reformulación de subvención ou de ter os cartos para poder facelo.

O alcalde contesta: Nós nos retrasamos e eso conlevou que a administración autonómica encontrou un oco para financiar este proxecto e aproveita. Eso, non hai mais.

Eu xa che digo é un tema de documentación. Nós se tivéramos a documentación en xuño non teríamos que ter falado desto.

O alcalde volve a falar do estado da documentación. Sinala: Non lle busques tres pés, de verdade, non o hai

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, interrompe: Non lle estou buscando

O alcalde continúa: E que aparte non ten importancia, que é o importante? Que veñan , os cartos? Xa está.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: Eu remítome o que ven sendo historicamente o que ía a ser. Levamos os anos que levamos esperando por esta obra e quero saber se realmente se vai levar a cabo ou se realmente vai a haber addendas ao convenio cada dous por tres. Eso é o que me refiro.

Alcalde e concelleira falan á vez.

O alcalde di: A verdade é que pasou isto. Non hai nada extraño. Que nos importa de onde sacan o diñeiro?

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: A min preocúpame basicamente para que se leve a cabo e dentro de catro anos volvamos a ter que firmar un convenio, unha addenda nova e o final é no 2050, basicamente por eso.

O alcalde di: Vale. Creo que non. Ben, esto non se vota.

Sexto.- Dación de conta do plan anual de control financeiro 2023.

Proxéctase o Plan sobre a pantalla.

Os concelleiros quedan enterados do contido do Plan anual de control financeiro 2023 e do expediente tramitado.

Sétimo.- Dación de conta das resolucións de alcaldía ditadas do 23 de setembro ó 24 de novembro de 2023

Oitavo.-Mocións de urxencia.

Non se presentan.

Noveno.- Rogos e pregunta.

Dona Tatiana Rellán Castro indica que vai referirse primeiro as preguntas non contestadas no anterior pleno.

A continuación formula as seguintes preguntas:

1. Que obras foran destinadas o POS + adicional

O alcalde contesta que a carretera de Buzaco a Pedracuca e que cre que desde a Escola de Peralta ata a AC 552.

2. Por que non está actualizado o inventario?



O alcalde contesta: As veces tes que facer entre o urxente e o importante .O inventario temos que facelo algún día. Incluso ás veces hai administracións que fan inventarios do concello. Agora creo que non hai ningunha, pero é unha das cousas que temos aí pendentes...por falta de medios, sobre todo. Pero está aí.

3. Dona Tatiana Rellán Castro pregunta: Falando de persoal. Por que está sen facer a RPT? E sen facer tamén o convenio colectivo.

A concelleira indica que hai pouco persoal.

O alcalde contesta: A ver, ó mellor entendéuseme mal. Unha cousa é que haxa pouco persoal e outra definir as funcións.

Eu creo que Cabana é dos concellos que menos persoal ten. Sempre se levou esa liña. Agora esta circunstancia está agravada pola xubilación da Tesoureira. É un posto de habilitados así que temos que esperar a que se resolva .

Dito esto eu non creo que a maior número de se funcione mellor. O que pasa é que no día a día hai un montón de tarefas e temos que priorizar unhas sobres outras.

Non creo que mais traballadores sexa mais eficiencia.

Moitos concellos teñen moito persoal e no orzamento provoca que non teñan capacidade de inversión real. Non poden investir en estradas e no resto porque case todo se vai a gasto corrente.

A RPT levouse a cabo no seu momento. a cabo pola Universidade. Pero cando se puxo o documento sobre a mesa os sindicatos dixeron que esa RPT non respondía a realidade de Cabana. Entón, como sempre, igual que o tema do inventario, quedou aí pendente.

Fixose pero non gustou ós sindicatos. Os sindicatos dicían que non representaba o que demandaba o concello e quedou pendente. Se fixo pero non se aprobou.

Dona Tatiana Rellán Castro sinala: Creo que é importante facela. E despois cando falas de que o persoal é moi eficiente efectivamente estou de acordo. Cada vez que veño aquí se me contesta e atende correctamente pero si que hai unha sobrecarga de traballo sobre os nosos traballadores. Vai chegar un momento en que eses traballadores teñan demasiada carga de traballo e eso poda levar a un problema.

É importante ter en conta a súa saúde en canto a sobrecarga de traballo porque eso conleva un problema , se a cousa persiste.

E creo que tendo un, xa non falo de vinte traballadores mais, pois xa non habería que priorizar senón que todo iría un pouco mais rodado..

O alcalde contesta: Se me permites. Quero puntualizar que, salvo excepcións, como hai en tódolos lados, preocúpame menos a carga de traballo.

O alcalde indica que cre que o problema é o que gañan.

Dona Tatiana Rellán Castro sinala que podemos gañar mais pero se a calidade de vida non é boa...Eu creo que unha cousa pode ir unida á outra.

3.Dona Tatiana Rellán Castro pregunta: O transporte escolar, para ir o instituto de Baio sobre todo. Indica que o de Ponteceso está mais ou menos solucionado.

Sei que esto non é do concello senón da consellería. O concello o da por perdido ou fala coa consellería?

O alcalde contesta que os concellos cada vez asuminos mais competencias.

Indica que no transporte foi coñecedor de que podía desaparecer o de Ponteceso e que falou coa empresa e houbo un compromiso por parte desta.

Sinala: Outra cousa é o de Baio. Falei coa empresa de transporte e me dixo que era moi difícil.

Eu falei coa Xefatura territorial que me dixo cal era a demanda real.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Despois tamén falei con Begoña. O que me trasladou Begoña foi que en algún caso si querían pero en outros non lles interesaba.

Hai xente que se van pagar non lles compensa.

Me parece interesante que antes de terminar o curso hai que falar con eses pais que o mellor teñen ese problema o ano que ven e ver que se pode facer. Cun convenio ou algo e intentalo entre todos.

O alcalde propón unha xuntanza cos pais.

Dona Tatiana Rellán Castro di: A verdade é que agora mesmo alégrame moito escoitar a túa postura. Pasamos de un non tallante a imos intentar solucionalo.

O alcalde o nega e a concelleira lle contesta que está nas actas.

O alcalde di que o mellor se lle entendeu mal.

O alcalde e a concelleira falan da futura reunión cos pais e nais.

O alcalde sinala: Pero o non tallante a buscar unha solución, non. Foi unha mala interpretación do que eu dixen ou eu non entendín a pregunta.

Dona Tatiana Rellán Castro indica que vai expoñer en segundo lugar as preguntas relativas a decretos e resolucións de alcaldía.

1.Dona Tatiana Rellán Castro sinala que vendo a relación de facturas hai empresas como librería, papelería que as hai en Cabana e se compra fora.

Sinala: Temos empresas afincadas aquí e se contrata a empresas externas.

Pido que cando se contrate se teña en conta as empresas do concello.

O alcalde contesta: Normalmente así se fai, pero moitas veces non queren ou non lles interesa.

Dona Tatiana Rellán Castro di: P.e. papelería. Vin cantidades pequenas pero hai algunha de 900 euros. Se cadra se se lles avisa con tempo...

O alcalde contesta: Sen problema. Primeiro van os de Cabana sempre que se cumpra a lei.

2.Dona Tatiana Rellán Castro pregunta: No decreto 564 hai unha factura de Almacenes Argomil que pon Beres e O Esto.

O alcalde contesta: O Esto é a parroquia, está mal, é Beres.

É unha colaboración dos veciños. Eu comenteilles que tiñan que esperar porque estábamos coa de O Esto.

O alcalde indica que o da factura é un erro e que O Esto foi licitado.

Dona Tatiana Rellán Castro sinala que vai a presentar en último lugar os rogos.

1. En primeiro lugar a creación dunha zona de aparcamento no centro de maiores e biblioteca aínda que sexa por tempo limitado.

O alcalde contesta: Está aberto para que pase un coche, xa é así.

Carlos Allo Cundíns, coa venia da presidencia, sinala: Se non aparcan hai sitio para dar a volta.

2. Cando imos dispoñer do local que solicitamos?

O alcalde contesta: Agora temos falta de espazo e imos facer unha redistribución.

A veces se recibe á xente no pleno e os alumnos de Fonteboa non teñen sitio.

Agora non hai dispoñibilidade.

Tamén pedistes un local..

Dona Tatiana Rellán Castro indica.. ese espazo de aí antes era para os partidos...

O alcalde contesta: Non hai problema para ocasións puntuais pero non hai sitio



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Dona Tatiana Rellán Castro di: por lei temos dereito a un local na casa consistorial .
Dáme igual noutro sitio.

O alcalde contesta: Non temos sitio para a xente de aquí...

Dona Tatiana Rellán Castro sinala :Poremos unha carpa fora.

3.Nos orzamentos do 2024 ides incluír as asignacións de grupos políticos? Non entendemos que se quitaran.

O alcalde contesta: Nós somos os mais afectados. Temos que abaratar costes.

Dona Tatiana Rellán Castro di: Se é por aforrar, quitade as indemnizacións por asistencia a reunións, quitádeas ou baixádeas un 50%.

O alcalde contesta: É unha proposta súa. Se vós queredes renunciar...

Dona Tatiana Rellán Castro di: Deberíamos renunciar todos.

O alcalde contesta: As indemnizacións as hai en tódolos sitios, as asignacións a grupos , non.

Dona Tatiana Rellán Castro si: Senón propoñe que cando se asista o mesmo día a tres sesións, so se cobre unha.

O alcalde contesta: Eso é difícil. Que haxa tres é difícil.

O que se paga non é por asistir as sesións senón pola responsabilidade.

P.e. en Xunta de Goberno se dan licenzas.

Xa houbo sentenzas que van contra o patrimonio persoal por dar mal unha licenza.

Dona Tatiana Rellán Castro pregunta: Os concelleiros non teñen seguro de responsabilidade civil?

O alcalde contesta: Aínda que teñas seguro se a licenza non está ben dada...

4.Cando se vai rematar a estrada que vai a Remisqueira? Na pista que vai a Cruz tiraron todo o cableado eléctrico.

O alcalde explica que hai pistas que se fan en dúas fases para que asente a plataforma e outras non porque obrigan a rematala totalmente.

Analizan varias estradas.

O alcalde di que intentará meter a Remisqueira no POS.

5.Preguntar polo tema do polígono e da visita da concelleira. Non sei se hai algo firmado. Pedimos unha información que non se nos achegou. Como vai ser a tramitación .

O alcalde contesta: O polígono pasou de iniciativa privada a pública. Houbo que modificar o de Áreas empresariais. Os trámites levaron demora por autorizacións, pola da confederación hidrográfica Miño-Sil.

A conselleira veu comunicar que se ía sacar a licitación o proxecto de Cabana.

Dona Tatiana Rellán Castro di: O de público xa foi hai moito tempo. Teño aquí a nota de prensa na que se fala dun Protocolo de Actuación.

O alcalde contesta: Non hai, é o de privado a público.

A concelleira le unha nota de prensa. Indica que fai referencia a un protocolo de actuación conxunta e a unha comisión de seguimento.

O alcalde contesta: Esas notas de prensa son facilitadas pola Xunta. O protocolo consiste no cambio de solo de iniciativa privada a pública..

Fixeron un estudo para delimitar o ámbito e tramitáronse as autorizacións...

Dona Tatiana Rellán Castro di: Ou sexa, non se firmou nada. Parece que están os dous asinando.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

O alcalde contesta que estarían escribindo algo. Sinala: Eu non falei neses termos coa prensa, non sei se a Xunta falou de protocolo.

Dona Tatiana Rellán Castro pregunta: E a visita de 2020?

O alcalde contesta: Foi o cambio de solo. O que levou tempo son as áreas empresariais e as autorizacións.

Dona Tatiana Rellán Castro pregunta: Cando falamos do polígono, temos empresas interesadas?

O alcalde contesta: Hoxe en día é diferente. Á xente lle tes que poñer o solo porque hai tantas autorizacións...Unha vez que se desenvolva, imos ser nós os que busquemos ás empresas.

Dona Tatiana Rellán Castro di: Pero a Xunta ten que facer un proxecto de viabilidade?

O alcalde contesta: Sí, hai empresas interesadas pero non só en Cabana.

Dona Tatiana Rellán Castro di: Leva vinte anos intentando facer un polígono pero en Coristanco van a telo. Que diferenza hai entre Coristanco e Cabana?

O alcalde contesta: Non tivo que pasar por eses trámites, de iniciativa privada a pública. Non estaban na mesma situación.

Dona Tatiana Rellán Castro di: Vostede en Radio Voz dixo que non éramos o segundo prato e imos quedar de café.

O alcalde contesta: Xa o veremos.

Dona Tatiana Rellán Castro pregunta: Presentaches algunha emenda aos orzamentos da xunta?

O alcalde contesta :As xestións as fago nos despachos e obteño o mellor para Cabana. En relación co número de habitantes temos mais inversión que Coristanco.

6.Temos un proxecto de construción de pantaláns valorado en dous millóns de euros. Presentamos unha emenda aos orzamentos da Xunta.

O alcalde contesta: É competencia do Estado. Ti falaches coas mariscadoras?

Dona Tatiana Rellán Castro pregunta: Se hai problemas , o levaches no teu programa.

O alcalde contesta que as mariscadoras están en contra e que Madrid non aproba os pantaláns en zonas que non son portuarias.

A emenda será cando a Xunta teña as competencias.

Dona Sandra Redondo Fernández di: Non é do Estado senón de Portos.

O alcalde contesta: Falei con Rafael Eimil . Consideran que é un foco de porquería e abandono.

Dona Sandra Redondo Fernández di: Eu prefiro investigar e saber de quen é a competencia.

O alcalde indica que as mariscadoras pensan que lle pode influír nas correntes.

Dona Tatiana Rellán Castro di: Sería facer un estudo e ordenar as embarcacións. E para ofrecer unha seguridade e que de repente non lle desapareza a unha persoa unha embarcación.

A concelleira indica que seguirán mirando o tema e falando coas mariscadoras.

O alcalde pregunta se hai máis cuestións.

Dona Tatiana Rellán Castro contesta que non.

Non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde da por terminado o acto, ás vinte e unha horas e cincuenta minutos do día da data, do que se estende a presente acta, que eu, a secretaria, certifico e asino, autorizando a mesma, xunto co señor alcalde.